

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2021/36	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria
<b>Data</b>	26 de outubro de 2021
<b>Duración</b>	Dende as 12:20 ata as 13:10 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretario</b>	Maria Fernanda Montero Parapar
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesús Taboada Lázara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

<b>Aprobación da acta da sesión anterior: 14.10.2021</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 14 de	

outubro de 2021.

#### **Expediente 1699/2021. Solicitude de Prestación de Servizos Sociais**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada en data 28 de setembro de 2021 por Dona G.A., de concesión dunha axuda de emerxencia social por importe de 59,95 € para o pago de patíns para un dos seus fillos, por carecer de ingresos económicos suficientes para facer fronte o pago dunha actividade de apoio á infancia, cuxa participación vai favorecer a integración social do menor na comunidade.

Visto que segundo informa a traballadora social M<sup>a</sup> Celia Gonzalez Peteiro, en data 28 de setembro de 2021, a solicitante reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución de 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder a G.A., unha axuda de emerxencia social na tipoloxía de gastos para o pago de patíns para a súa filla.

Segundo.- Comunicar a persoa interesada a obriga que asume de destinar o importe das prestacións para as finalidades que foron otorgadas.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

#### **Expediente 1739/2021. Solicitude de Prestación de Servizos Sociais**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada en data 30/09/2021 por Dona A.C.F.C. de concesión dunha axuda de emerxencia social polo importe de 14,62€ para o pago delegado de traslado en taxi dende o seu domicilio o dpto. de S.S. Municipales para poder xestionar axuda de AIS-XUNTA, e carecer de medios económicos para o mesmo.

Visto o informe da traballadora social M<sup>a</sup> Celia Gonzalez Peteiro, de data 01 de outubro do 2021, a interesada reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA.

Primero.- Conceder a A.C.F.C. unha axuda de emerxencia social na tipoloxía de gastos de transporte.

Segundo .- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para efectue os pagos da axuda concedida.

**Expediente 1828/2020. Autorización para ocupación de dominio pública cunha rede eléctrica soterrada (canalización mais catro arquetas).**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Inclusión por urxencia Expediente 1828/2021**

Toma a palabra o Sr. Alcalde, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 26 de outubro de 2021.

**Expediente 1828/2020. Autorización para ocupación de dominio pública cunha rede eléctrica soterrada (canalización mais catro arquetas).**

1º.- Consta no expediente solicitude presentada por David Sobrino Ares, en data 24/11/2020, de licenza de ocupación de dominio público para a construción dunha canalización para dotar de enerxía eléctrica a súa vivenda. A vivenda conta con licenza para a rehabilitación concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 26/11/2018.

2º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal emitido en data 21/04/2021.

Visto o informe de Secretaria de data 25/10/2021, con número 85.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a David Sobrino Ares con DNI.XXXXXXX autorización para a ocupación do dominio público segundo o recollido no plano presentado xunto coa súa solicitude de 24/11/2020 (RE 4795/2020), para a construción dunha rede de baixa tensión subterránea para dotar de enerxía eléctrica a unha vivenda unifamiliar na parcela con RC Nº 36052J504003270000OI, para o que necesita cruzala pista municipal e conectarse a rede aérea de baixa tensión existente.

SEGUNDO. O prazo de duración da autorización para a ocupación do dominio público será dun

ano. Procederá a revogación ou anulación da autorización nos casos e polos procedementos legalmente previstos, especialmente no caso de incumprimento reiterado das obrigacións establecidas expresamente no acordo de autorización ou de non producir efectos a comunicación previa presentada.

Sendo obrigación do interesado a cesión da liña de baixa tensión subterránea a UFD Distribución Electricidad SA, unha vez feita a cesión deberase comunicar ao Concello, pois a empresa distribuidora deberá solicitar a correspondente concesión administrativa e proceder á liquidación das taxas correspondentes.

TERCEIRO.- Non suxeitar a taxa a presente ocupación por non levar aparelhada unha utilidade económica para a persoa autorizada.

QUINTO.- Notificar esta resolución á interesada con indicación dos recursos que procedan, facendo expresa mención de que o Concello se reserva as potestades de comprobación, control e sanción en relación co correcto cumprimento dous termos dá licenza. E comunicándolle ao interesado os seguintes deberes en relación á ocupación do dominio público:

- Respetar o obxecto da autorización.
- Manter en bo estado a porción de dominio público ocupado, así como perfectamente limpa unha área de tres metros circundantes.
- Esta licenza poderá ser revogada por razóns de interese público. Cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevindas de urbanización, de implantación, supresión, modificación de servizos, celebración de actos públicos ou privados ou calquera outra de interese público, poderase revogar, modificar ou suspender temporalmente a autorización concedida e en xeral sen dereito a indemnización, pois en sentido estrito non é máis que un acto de tolerancia por parte da Administración.
- Deberá de manter as instalacións en perfecto estado de conservación e limpeza en todo momento, podendo obrar contra os autores dos danos de acordo coa normativa correspondente.
- Responderá de todos os danos e prexuízos que a instalación ocasionen aos bens ou dereitos públicos ou privados, subscribindo para o efecto o correspondente Seguro de Responsabilidade Civil.
- O Concello vixiará a través do seu persoal, especialmente a través da Policía Local, o mantemento da instalación en condicións óptimas e prestará a súa protección como ao resto do mobiliario urbano, colaborando co titular para a persecución dos causantes de danos.
- A instalación deberá de colocarse de maneira que non perturben a libre circulación de peóns e vehículos, nin poidan ocasionar danos a persoas, á vía pública, a árbores ou a instalacións. Tampouco se poderá colocar en lugares onde poidan prexudicar ou comprometer o tránsito rodado ou a seguridade dos viandantes.
- A autorización de ocupación do dominio público poderase extinguir:

- Polo transcurso do prazo.
- Por renuncia do titular.
- Por sanción.
- Por desafectación do ben.
- Por revogación da concesión.
- Por resolución xudicial.

**Expediente 1350/2021. Autorización para ocupación de dominio pública cunha rede eléctrica soterrada (canalización mais catro arquetas) na parroquia de Cira.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Inclusión por urxencia Expediente 1350/2021**

Toma a palabra o Sr. Alcalde, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 26 de outubro de 2021.

**Expediente 1350/2021. Autorización para ocupación de dominio pública cunha rede eléctrica soterrada (canalización mais catro arquetas) na parroquia de Cira.**

1º.- Consta no expediente solicitude presentada por Ramiro Iglesias Blanco, en data 21/07/2021 (RE 300272021), de autorización de ocupación de dominio público para a construción dunha canalización para dotar de enerxía eléctrica ao equipo de bombeo sito na parcela con RC 36052A003220000KP. O interesado presentou comunicación previa de obras.

2º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal emitido en data 01/09/2021 polo técnico César Pereiras Cambón.

3º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal emitido en data 20/10/2021 polo técnico Lino M Doportó Framil.

Visto informe de Secretaria de data 25 de outubro de 2021, número 84.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a Ramiro Blanco Iglesias, con DNI número XXXXXXXXx autorización para a ocupación do dominio público segundo o recollido no plano presentado xunto coa súa solicitude de 21/07/2021 (RE 3002/2021), para a construción dunha canalización para dotar de enerxía eléctrica ao equipo de bombeo sito na parcela con RC 36052A003220000KP. O interesado presentou comunicación previa de obras que deberá contar con tódalas autorizacións necesarias para producir efectos ademais de cumprir coa normativa urbanística vixente.

SEGUNDO. O prazo de duración da autorización para a ocupación do dominio público será dun ano. Procederá a revogación ou anulación da autorización nos casos e polos procedementos legalmente previstos, especialmente no caso de incumprimento reiterado das obrigacións establecidas expresamente no acordo de autorización ou de non producir efectos a comunicación previa presentada.

Sendo obrigación do interesado a cesión da liña de baixa tensión subterránea a UFD Distribución Electricidad SA, unha vez feita a cesión deberase comunicar ao Concello, pois a empresa distribuidora deberá solicitar a correspondente concesión administrativa e proceder á liquidación das taxas correspondentes.

TERCEIRO.- Non suxeitar a taxa a presente ocupación por non levar aparelhada unha utilidade económica para a persoa autorizada.

QUINTO.- Notificar esta resolución á interesada con indicación dos recursos que procedan, facendo expresa mención de que o Concello se reserva as potestades de comprobación, control e sanción en relación co correcto cumprimento dous termos dá licenza. E comunicándolle ao interesado os seguintes deberes en relación á ocupación do dominio público:

- Respetar o obxecto da autorización.
- Manter en bo estado a porción de dominio público ocupado, así como perfectamente limpa unha área de tres metros circundantes.
- Esta licenza poderá ser revogada por razóns de interese público. Cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevindas de urbanización, de implantación, supresión, modificación de servizos, celebración de actos públicos ou privados ou calquera outra de interese público, poderase revogar, modificar ou suspender temporalmente a autorización concedida e en xeral sen dereito a indemnización, pois en sentido estrito non é máis que un acto de tolerancia por parte da Administración.
- Deberá de manter as instalacións en perfecto estado de conservación e limpeza en todo momento, podendo obrar contra os autores dos danos de acordo coa normativa correspondente.

- Responderá de todos os danos e prexuízos que a instalación ocasionen aos bens ou dereitos públicos ou privados, subscribindo para o efecto o correspondente Seguro de Responsabilidade Civil.
- O Concello vixiará a través do seu persoal, especialmente a través da Policía Local, o mantemento da instalación en condicións óptimas e prestará a súa protección como ao resto do mobiliario urbano, colaborando co titular para a persecución dos causantes de danos.
- A instalación deberá de colocarse de maneira que non perturben a libre circulación de peóns e vehículos, nin poidan ocasionar danos a persoas, á vía pública, a árbores ou a instalacións. Tampouco se poderá colocar en lugares onde poidan prexudicar ou comprometer o tránsito rodado ou a seguridade dos viandantes.
- A autorización de ocupación do dominio público poderase extinguir:
  - Polo transcurso do prazo.
  - Por renuncia do titular.
  - Por sanción.
  - Por desafectación do ben.
  - Por revogación da concesión.
  - Por resolución xudicial.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

## **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**